

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Xosé Luis Parente

Santiago Prol

Grupo Academia Postal Editores. 193 páxinas

Xosé Luis Parente exerceu como funcionario e avogado na vila de Maceda. Foi un activo militante da corrente conservadora do Partido Galeguista, un columnista político-ideolóxico na prensa ourensá e un poeta bilingüe que intensificou a súa creatividade en galego coa chegada da II República. Pasou á historia da nosa literatura como un discreto autor que Carballo Calero incluíu

na Xeración do Seminario e que, no *Diccionario da Literatura Galega* (1995), ubican na etapa de anovamento de preguerra. Mesmamente Álvaro das Casas inseríuno na corrente do Vanguardismo.

Faleceu en Ourense en 1948. O presente volume, en coidada edición, quere recuperar, no Ano da Memoria, a súa biografía, ao tempo que rescata toda a súa obra poética en galego e en castelán.

